

## CRÓNICA DO CURSO

Rematou o curso. Pecharon por un tempo as aulas. Os exames, eses monstros que invaden os corpos de celulosa, e, ao tempo, convértenos nun feixe de nervios, dormen o sono das noites de verán. É un bo momento para facermos memoria, para achegarnos con tranquilidade ao que foi un curso cheo de actividades, de propostas para todos os gustos, de desexos de facer do instituto un lugar onde teñamos oportunidade de gozar, de aprender, de compartir, e non soamente un sitio onde recollemos un boletín de notas, mellores ou peores, alá polo mes de xuño.

### AUGA DA LAXE 2004-05: A CRÓNICA

[O curso comezou o 17 de setembro](#). Foi o momento de poñer os motores en marcha, de poñer as caldeiras en funcionamento, de prepararnos para un ano de traballo, de estudo e, tamén, de tirar todos xuntos para adiante co obxectivo de acadar o mellor dos resultados posibles. E comezamos cunha boa nova: [xa temos páxina web](#), grazas ao traballo do profesor Alberto.

### OUTUBRO 2004

Ao tempo que se desenvolvían as clases xurdiron as primeiras propostas, as primeiras saídas: os alumnos de 1º ESO van ao [Zoo d'A Madroa](#) e visitan a exposición “**Os segredos das árbores**”. Ponse en marcha o **Concurso da Aula Ecolóxica** para tentar que nos concienciamos de que podemos facer algo para que o medio sexa mellor. Os alumnos de relixión de 2º e 3º de ESO teñen unha charla sobre as misións. Dous grupos de alumnos de normalización comezan a participar nos recreos no **programa de radio** que hai no IES Terra de Turonio. Alumnos de informática apúntanse para participar no **Trivial de “El País de los Estudiantes”**.

## NOVEMBRO 2004

Convócase o primeiro [Concurso de Fotografía de Outono](#). Os alumnos de 3º ESO realizan unha [actividade interdisciplinar na Praia de Samil](#) con visita ao Verbum, ao esteiro do Lagares e con xogos deportivos na area. Os de 2º da ESO fan unha visita a **Naturnova**. Os alumnos de [Garantía Social](#) van á Estrada para ver unha **fábrica de mobles**. Facemos a **Festa do Magosto** onde hai castañas e actividades deportivas profes-alumnos. Acollemos unha das actividades da [Semana da Ciencia e a Tecnoloxía](#) na que se explica como é o proceso de investigación arqueolóxica e pola que pasa todo o centro.

## DECEMBRO 2004

Os alumnos de Garantía Social visitan A Coruña para ver o **Acuario e a Domus**. Con motivo do **Día Internacional dos Dereitos Humanos** organízanse charlas con INTI, *Ayuda en acción* e *Amnistía Internacional* e visítanos unha tenda de comercio xusto que nos explica como funciona. [Vichelocrego Teatro](#) ten varias representacións



de “Deus” en Santiago, Gondomar e O Rosal e fai o “Auto dos Reis Magos” no Salón de Actos do Instituto co grupo de alumnos. 4º ESO visita a **exposición “Gobissauros”**. Os alumnos de 1º ESO, xunto aos de Terra de Turonio, van ás pistas de atletismo de Balaídos e participan dunha **“Olimpiada Atlética”**. Facemos a **Festa de Nadal** co exitoso “Maratón das bólas”, torneos de pimpón,...E marchamos de vacacións até o ano seguinte.

## XANEIRO 2005

Comeza o ano cunha nova iniciativa que pon en marcha o departamento de Biblioteca: “[Os libros rulantes](#)”. Unha chea de libros que a comunidade escolar preste, rularán de aquí a alá e poderemos atopalos en calquera sitio, levalos, lelos e volvelos poñer en circulación. O departamento de Lingua Española participa no **concurso da Fundación Once sobre El Quijote** con alumnos de 3º ESO.

## FEBREIRO 2005

Estamos preocupados polo que comemos e decidimos organizar unhas **charlas sobre nutrición cos alumnos**, pais e nais de 1º ESO. Contamos coa presenza da Xefa de Endocrinoloxía do Hospital Xeral. Posteriormente, farán unhas enquisas sobre o que comen e elaborárase un estudo sobre a calidade da súa alimentación. Chega o **Antroido** e temos un concurso de disfraces por grupos que gaña 2º ESO A e un concurso individual. Facemos un baile de disfraces. Os alumnos de 2º Bacharelato de Historia de Galicia fan uns **carteis sobre a “caza de bruxas”**.



## MARZO 2005

Visítanos **Agustín Fernández Paz** para ter un encontro cos alumnos de 4ºESO e falar da súa obra. Os alumnos de 2º Bacharelato van ao Auditorio de Gondomar para asistir á **representación de “Bicos con lingua”** de Talía Teatro, sobre a situación do galego; asisten todos os institutos do Val Miñor. Celébrase a **segunda edición de “Que fale o corpo”** con 25 talleres distintos relacionados co corpo para todas e todos os alumnos e profes dos dous institutos de Gondomar. Ímonos de vacacións de Semana Santa.

## ABRIL 2005



A volta das vacacións de Pascua é frenética. Os alumnos de 4ºESO vanse á **neve a Andorra**. Os alumnos de 1º de Bacharelato vanse tamén de **viaxe**: un grupo a **Londres** cos departamentos de Inglés e Francés e outro a **Itálica, Sevilla e Mérida** con Latín e Historia. Algúns membros do grupo de teatro escolar tamén van a esta viaxe. O departamento de Relixión vai con 1º ESO a **Santiago** e con 2º ESO a **Braga** (Portugal). Celébrase o **Día do Libro Infantil e Xuvenil** cun contacontos para alumnos de 1º e 2º da ESO.



Os alumnos de 1º ESO son tamén os protagonistas dunha viaxe a A Coruña para visitar o **Acuario**. Alumnos de 2º ESO e 1º Bacharelato participan na **Olimpíada Matemática**. 4º ESO A participa no **Rally Matemático** e quedan os segundos de toda Galicia. Con motivo do **Día Mundial da Saúde** organízanse dúas charlas: a primeira como continuación do traballo de nutrición que se estaba a facer cos alumnos de 1º ESO e a segunda sobre o tema dos consumos para alumnos de 3º ESO e para pais e nais. Volvemos contar coa presenza da doutora Lúisa Fernanda Pérez Méndez, endocrinóloga, e coa doutora Ana Prejigueiro Santás, experta en temas de drogas. Faise entrega no Café Rañolas dun novo [Lingualaxe](#), nesta ocasión a *Quercus Xardinería*, con concerto dos alumnos de música de 2º Bacharelato. Ao mesmo tempo,



comeza a **xira de concertos dos alumnos de música** dirixidos por Sergio con actuacións no IES Escolas Proval de Nigrán (2º Bach.) e IES Terra de Turonio (1º Bach). Ten lugar a **segunda edición do Certame de Teatro Inmediato**, neste caso sobre textos d'El Quijote. Hai diversas iniciativas dende o departamento de Lingua Española ([a Ruta de Don Quijote e un Caderno sobre Don Quijote](#)), con textos alusivos nas aulas e corredores, murais, puntos de lectura, para celebrar os 400 anos de tan importante obra. Sae [o boletín número 29 de Liber](#) e o [número 4 de Balbordo](#).

## MAIO 2005



Achégase o final de curso, pero a actividade non diminúe. Os alumnos de Relixión de 3º ESO van a **Madrid**. Os de 4º ESO van a **Ourense** e ao **Mosteiro de Oseira**. Alumnos de todo o instituto participan na elaboración dunha [alfombra floral](#) para as festas do Corpus,

nun traballo cooperativo moi interesante.

Os alumnos de 2º ESO son os gañadores do **Concurso Aula Ecolóxica** por seren os que



mellor coidaron a súa clase e marchan catro días a **Gandarío** para participar no *Proxecto Actinia*. Os seguintes clasificados, 1º ESO-A e 3º-Diver van un día de excursión ao **Galiñeiro**. Os

**concertos da Aula de Música** continúan cunha actuación no CEIP “Neira Vilas” de

Peitieiros dos alumnos de 4º ESO-1º Bacharelato. 1º ESO visita a **Exposición Matemática Caixanova** e a Casa da Xuventude de Vigo. Varios grupos de alumnos de distintos niveis visitan a **Semana da Ciencia das Escolas Proval**. Vichelocrego **representa en Chaín o “Romance de Micomicón”**. Os alumnos de 4ºESO, coordinados polo profesorado de Lingua Galega e Lingua Española poñen en marcha a campaña de animación á lectura **“Un río de palabras”** por todas as rúas de Gondomar. Alumnos de 1º-2º-3º ESO participan no concurso **LigaMats**. Temos unha **conferencia sobre enerxías renovables** para 4º ESO e 1ºBach.

## XUÑO 2005



Comeza xuño cunha boa nova: somos un dos centros aos que lles conceden axudas dentro do **Plan de Mellora de Bibliotecas Escolares**, parabéns! Os

alumnos de Relixión de 2ºESO visitan a **Parroquia de San Bieito de Gondomar**. Todos os cursos visitan a **Escola de Cerámica**. O grupo de Música de 2º Bacharelato visita o **estudo de gravación “Casa de Tolos”** en Mañufe. Os alumnos de 2º ESO A que gañaron o concurso de disfraces de Antroido celebran cos cartos do premio unha **churrascada** un sábado en **Montecastelo**. Agustín Sobrado, de 4º ESO, recibe o ordenador que gañou pola súa **participación no Trivial de El País**. Entrégase un novo **Lingualaxe**, neste caso a Enxeñería e Topografía Vicente Alvarez, de Vincios. O acto péchase coa actuación do grupo de música de 1º Bacharelato. Varias actividades concéntranse nos últimos días de curso: **visita ao Museo Liste** (1º ESO), demostración de **bolos celtas en Borreiros** (2º ESO), **charla “O campo na escola”**(4º ESO), e varios **concertos da Aula de Música** (3º-4º ESO no Salón de Actos e 1º-2º de Bacharelato no Auditorio de Gondomar). Ademais, o grupo de Música de 2º bacharelato dá un concerto no IES “A Sangriña” d’A Guarda e asistimos ás **primeiras actuacións** (na aula de

música do instituto e no Café Rañolas) dun novo grupo, “**Maquinaria de jardín**”, formado por alumnos do centro e o profesor Sergio Alvarez. **Vichelocrego Teatro**, sección escolar, estrea “**La historia del rebuzno y el Retablo de Maese Pedro**”, como homenaxe a Cervantes, con dous pases, un escolar e outro aberto a toda a vila. Sae o boletín nº 5 de Balbordo. Rematamos cunha **saída de sendeirismo desde San Antoniño até o Aloia** para aqueles profes e alumnos interesados. Entrega de notas e despedida.

Moitas grazas a todas e todos os profesores e alumnos que coa súa participación e traballo fixeron posible esta completa programación de actividades extraescolares e complementarias. Se algo quedou no tinteiro, mil perdóns. Boas vacacións. Vémonos en setembro.